



O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ordenación da rede viaria na área metropolitana de Compostela foi desenvolvida no Plan Sectorial da rede Víaria de Santiago, Ames e Teo, que foi aprobado definitivamente no Consello da Xunta de Galicia o 24 de xullo de 2003.

O desenvolvimento e a execución deste Plan -que recolle, basicamente e desde un punto de visto técnico e global, o Sistema Xeral Víario para a mellora integral das comunicacións no termo municipal- está en marcha, pois, desde hai 12 anos, tempo no que se puxeron en execución varias infraestruturas por parte das distintas administracións.

Na actualidade, atópanse en fase de execución a ampliación da sección da autoestrada AP-9 entre os enlaces de Santiago Norte (San Lázaro) e Santiago Sur (O Milladoiro) nunha lonxitude de algo máis de 8 km.; tamén o enlace de Conxo, no trazado troncal do periférico; e o enlace do polígono do Tambre, coa ampliación da capacidade da ponte sobre a estrada N-550 e a remodelación dos seus enlaces.

Por outra parte, teñen dotación consignada nos orzamentos xerais do Estado –con previsión de inicio neste mesmo ano- dúas obras de gran transcendencia: o enlace orbital para conectar a AP-9 coa A-54, coas áreas industriais próximas e co aeroporto; e a o enlace da AP-9 coa Cidade da Cultura e cos barrios de Sar e Fontiñas.

O orzamento total de todas estas obras en execución, licitación e exposición pública, supera os 115 millóns de euros, representando un gran investimento para a mellora da competitividade das nosas empresas e a calidade de vida dos cidadáns. Este esforzo do Ministerio de Fomento é unha clara mostra da sensibilidade deste departamento coas necesidades de Compostela e ofrecen unha oportunidade única para resolver de cara ao futuro a mobilidade da nosa cidade.

Neste escenario actual, cun orzamento comprometido tan importante, desde o Grupo Municipal Popular consideramos –como fixemos desde o Goberno local no tramo final do mandato anterior- que sería conveniente que, mantendo o investimento asignado, se faga unha reestruturación destas actuacións e que nos dous anos previstos para as obras de AUDASA se leven a cabo as seguintes obras:

- A ampliación da capacidade da Autoestrada AP/9 ata o novo enlace orbital.
- A execución do Enlace Orbital - AP/9 - A/54 e áreas industriais, completándoa coa conexión do orbital coa estrada N-550 e co polígono do Tambre. Esta actuación aproveitaría o tramo xa executado pola Xunta de Galicia e cedido ao Concello na urbanización do polígono da Sionlla. Entendemos que esta obra debería ser executada totalmente polo Ministerio, por canto enlaza 3 estradas de titularidade estatal. Así mesmo, consideramos que a titularidade deste treito debería ser do propio Ministerio de Fomento
- E a última obra a executar sería o enlace Sar - Fontiñas e Cidade da Cultura coa AP-9.


Deste xeito, lograríase optimizar as actuacións, evitar duplicidades nas mesmas (en concreto na conexión da A-54 e a AP-9), axustando a súa execución ás necesidades actuais e futuras de Santiago, e construír un sistema viario que satisfaga a mobilidade e a canalice o tránsito de Compostela durante décadas.

En consecuencia, o Grupo Municipal do Partido Popular propón a adopción do seguinte **ACORDO**:

O Pleno Municipal insta:

- 1. Ao Ministerio de Fomento a que, mantendo os investimentos xa previstos nos orzamentos xerais do Estado, articule as medidas precisas para levar a cabo, de forma coordinada, a execución das obras de ampliación de capacidade da autoestrada AP-9 co enlace orbital, a conexión deste coa estrada N-550 e co polígono do Tambre; e a conexión da AP-9 coa Cidade da Cultura e cos barrios de Sar e As Fontiñas.**
- 2. Ao correspondente órgano do Concello para que estableza as liñas de colaboración coa Administración do Estado necesarias para acadar o obxectivo sinalado anteriormente.**

Santiago de Compostela, a 24 de setembro de 2015.



Asdo.: Agustín Hernández

Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

